

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

RESOLUCIÓN do 13 de novembro de 2018, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se conceden as axudas correspondentes á modalidade de Proxectos de excelencia no ámbito do Sistema universitario de Galicia, da Orde do 23 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2018.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Gain, por medio da Orde do 23 de maio de 2018 (DOG núm. 106, do 5 de xuño) estableceron as bases reguladoras e convocaron conxuntamente, en réxime de concorrência competitiva, as axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i.

Unha vez finalizada a tramitación establecida no artigo 8 da convocatoria para as solicitudes presentadas ante a Secretaría Xeral de Universidades na modalidade C: proxectos de excelencia, realizouse o proceso de avaliación e selección destas, de acordo co artigo 9 da orde de convocatoria.

A competencia para resolver estas axudas correspóndelles conxuntamente á persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e á persoa titular da presidencia da GAIN, de acordo co artigo 10 da convocatoria.

En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 10 das bases da convocatoria e atendendo á proposta de concesión elevada polo órgano instructor a partir do informe da comisión de selección, a través da Secretaría Xeral de Universidades,

RESOLVEMOS:

Primeiro. Concederlles ás entidades que a continuación se relacionan (con indicación da persoa investigadora) as axudas da modalidade C: proxectos de excelencia, para a

CVE-DOG: 2kfhpnf1-ydi6-k8a9-mz79-ydpbdzoicrf72



consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do SUG, convocadas pola Orde do 23 de maio de 2018.

Proxectos de excelencia

Nº de expediente	Apellidos	Nome	Univ.	Liña	Importe 2018	Importe 2019	Importe 2020	Importe 2021	Importe 2022	Total
ED431F 2018/02	Alonso Moral	José María	USC	2	14.979,80	24.981,00	24.981,00	24.981,00	24.981,00	114.903,80
ED431F 2018/08	Arenas Busto	Miguel	UVigo	2	15.000,00	24.996,00	24.996,00	24.996,00	24.996,00	114.984,00
ED431F 2018/03	Arias Vázquez	María Sol	USC	2	15.000,00	25.000,00	25.000,00			65.000,00
ED431F 2018/01	Cid Vidal	Xabier	USC	2	14.964,25	24.967,76	24.967,76	24.967,76	24.973,51	114.841,04
ED431F 2018/06	Fernández Calviño	David	UVigo	2	15.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	115.000,00
ED431F 2018/07	Gómez Brandón	María	UVigo	2	15.000,00	24.960,00	24.960,00	24.960,00		89.880,00
ED431F 2018/05	González Valdés	Borja	UVigo	2	6.600,00	25.000,00	24.000,00	8.400,00		64.000,00
ED431F 2018/04	Paradelo Núñez	Remigio	USC	2	15.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	115.000,00
TOTAL					111.544,05	199.904,76	198.904,76	158.304,76	124.950,51	793.608,84

Segundo. As axudas imputaranse ao capítulo VII dos orzamentos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, na aplicación 10.40.561B.744.0.

Modalidade	Entidade beneficiaria		Crédito (en euros)					
			2018	2019	2020	2021	2022	Total
Proxectos de excelencia	Universidades do SUG	USC	59.944,05	99.948,76	99.948,76	74.948,76	74.954,51	409.744,84
		UVigo	51.600,00	99.956,00	98.956,00	83.356,00	49.996,00	383.864,00
		Total	111.544,05	199.904,76	198.904,76	158.304,76	124.950,51	793.608,84

As axudas concedidas ás universidades do SUG imputaranse ao plan de financiamento do SUG para o período 2016-2020, agás as anualidades de 2021 e 2022 que se integrarán no novo plan de financiamento.

Terceiro. De acordo co artigo 12 da convocatoria, a subvención será librada á entidade beneficiaria á que pertenza o grupo ou persoal investigador, conforme a resolución de concesión e de acordo coa normativa vixente.



Para poder proceder ao libramento dos fondos será preciso que a entidade beneficiaria remita a documentación que se detalla no artigo 12 da convocatoria nas datas indicadas nel. No ano 2018 a data de presentación será o 15 de decembro.

Cuarto. O incumprimento das obrigas contidas nesta orde ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución da concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de mora correspondentes.

Quinto. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2018

Carmen Pomar Tojo
Conselleira de Educación, Universidade
e Formación Profesional

Francisco Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego
e Industria e presidente da Gain

CVE-DOG: 2kfhpnf1-ydi6-k8a9-mz79-ydpbdzrcf72

